



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Costa da Fervenza, Penouzas, Lavagueira, Lúa Ou Val de
Laborea, Dos Croios, Picoazo, Abaixo dos Campos

COMUNIDAD PROPIETARIA

XESTA

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Xesta

LALIN

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCAIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia).
D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE XESTA DO CONCELLO DE LALIN.

D. Luis González Blanco.
D. Daniel Fernández Fernández.

SECRETARIA

Dña. Mª José León Gómez
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día doce de decembro do 2001, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, e excusando a súa asistencia o vocal D. Luis Mª Muiños Vidueira (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta), reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Pecoazo e outros" da parroquia de Xesta do concello de Lalín.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por D. Luis González Blanco, solicitouse en data 24/06/96, a nición dos trámites para a clasificación como veciñais en man común dos montes "Pecoazo e outros" da parroquia de Xesta do concello de Lalín.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 13/10/99 acordou iniciar os trámites para a clasificación, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais co obxecto de elaborar o informe preceptivo.

TERCEIRO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 19/10/00 noméase Ponente a D. Teodoro Arribas Serrano.

CUARTO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, procéde á apertura do trámite de



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.ª

Teléfono 986 806 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

audiencia non formulándose oposición e extendéndose a correspondente anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Lalin.

Asímesmo, en data 16/11/01, fórmulanse por D. José López López as alegacións que estimou oportunas.

QUINTO.- Polo Instructor do expediente, D. Teodoro Arribas Serrano, expónse a súa proposta, manifestando que os montes Costa da Fervenza, Penouzas, Lavajeira, Lua ou Val de Laborca, Monte dos Croios, Picouzo, A Silva, A Carpaceira e Abaixo dos Campos dos que se solicita a súa clasificación, obedecen á seguinte descripción:

☞ NOME DO MONTE: Costa da Fervenza.

CABIDA: 10,51 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Partindo da divisoria de augas diríxese cara ó sureste en alincación recta a uns 50 metros ó norte da valgada que descende cara ó río Asneiro seguindo lindes con fincas particulares de veciños de Torguedo da parroquia de Catasós e rematando nas proximidades da canle do río Asneiro.

LESTE: Desde o punto anterior e en dirección suroeste, augas arriba do río Asneiro, segue os lindes de fincas particulares ata o cruce coa pista que une Pontenofe e Fervenza coa estrada N-525.

SUR: Seguindo a liña de máxima pendente en sentido ascendente ata alcanzar a divisoria de augas.

OESTE: Desde o punto anterior segue a divisoria de augas ata pechar o perímetro co punto de partida no linde norte.

SERVIDUMES: A parcela está atravesada en tódala súa lonxitude pola pista que une Pontenofe e Fervenza coa estrada N-525.

COLINDANTES:

Norte: Mercedes Ferreiro Jacome, Elisa Alvarellos Villar, Avelina e José Reboredo García e outros.

Sur: Antonio Rodríguez Fernández, María Juana García Ferradás, Ramona García Ferradás e outros.

Leste: Camilo Canda Novoa, María Amparo Quiroga, Hros. José Reboredo García e outros.

Oeste: Antonio García Amorín, José Luis Puga Iglesias, Jose Villar Reboredo e outros.

DESCRIPCIÓN: Por riba da pista anteriormente citada, a parcela aparece cuberta por un rexenerado de piñeiro sobre breixos, con ramos abondosos. Por debaixo da pista o voo está formado por unha mestura de carballo, bidueiro e rexenerado de piñeiro.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

☞ NOME DO MONTE: Penouzas.

CABIDA: 23,94 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Muro por medio que linda con propiedade particular do Pazo de Xesta ata unirse co camiño ó monte dos Croios seguindo éste ata a súa intersección co camiño que se dirixe cara Puxallos.

LESTE: Dende a intersección anterior segue o camiño que une este co Monte dos Croios ca pista que une Puxallos coa estrada de Ourense, ata unhas rochas sobre a zarra de Pazo, desde alí bordeando fincas privadas segue ata alcanzar o cruce de camiños do que parte o que desde Puxallos dirixese á estrada PO-202.

SUR: Desde o punto anterior segue lindes de fincas privadas ata alcanzar muro que linda coa granxa de Lagorzos, seguindo este muro ata o camiño que une esta granxa con Puxallos.

OESTE: Desde o punto anterior dirixese cara ó norte, seguindo o muro que separa prados, pista e lindes con fincas particulares sinalados cun surco, ata o muro que separa a finca Lagorzos, desde alí ata o peche co linde norte.

SERVIDUMES: A parcela está atravesada por varios camiños que partindo do cruce situado na unión dos límites leste e sur dirixense a Seixas, á granxa de Lagorzos, á estrada PO-202 Lalín-Carballo e á ponte de Pontenofe. Así mesmo aparece atravesada por un tendido eléctrico. No sur da parcela, coincidindo coas cotas máis altas da mesma atópase un xacemento arqueolóxico, distinguíndose varias mámoas sobre o terreo.

COLINDANTES:

Norte: herdeiros de José Reboredo López, José Lalín Pichel e esposa, Avelino Villamarín Valdonado e outros.

Oeste: Jesús Muñín Ferrada, Ramón González Jácome, José Iglesias Fernández e outros.

Sur: José Alvarellos Iglesias, Consuelo Alvarellos, María Josefa Alvarellos Villar e outros.

Leste: Pedro González Jácome, Andrés García Rodríguez, Camilo González Bodario e outros.

DESCRIPCIÓN: Matorral de toxo e breixo observándose rexenerado ocasional de piñeiro e bidueiros nas zonas máis baixas, signos de pastoreo e afloramentos rochosos.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

* **NOME DO MONTE:** Lavajeira.

CABIDA: 9, 97 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Pista que une Puxallos coa estrada PO-202 Lalín-Carballo.

LESTE: Propiedades particulares, muro por medio, ata cruce con camiño de Lavajeira de Abaixo.

SUR: Sepárase do camiño de Lavajeira de Abaixo seguindo muro que separa de fincas particulares, descendendo ata as proximidades do río Seixas alonxándose de novo del seguindo linde con prados.

OESTE: Segue muro de separación con fincas particulares, cruzando o tendido de ferrocarril Santiago-Ourense a uns 60 m. da boca sur do túnel, ata o cruce co camiño de Lavajeira de Abaixo. Desde alí segue muro de separación con fincas particulares ata cruce coa pista que une Puxallos coa estrada PO-202 Lalín-Carballo.

SERVIDUMES: A finca está atravesada por camiño de Lavajeira de Abaixo con ramais que partindo del dirixense ó Muiño do Ferrador e ó campo de fútbol. Via e boca de túnel do ferrocarril Santiago-Ourense.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

COLINDANTES:

Norte: Pista que une Puxallos coa estrada PO-202 Lalín-Carballo.

Leste: Consuelo Ojea Gómez, Germán Ojea Gómez, Dosinda Ojea Gómez e outros.

Sur: José Senra García, Manuel Lalín Cibeira, José Varela García e outros.

Oeste: José Froiz Novoa, Vía ferrocarril Santiago-Ourense, Amelia Gil González e outros.

DESCRIPCIÓN: Realizouse unha nivelación na parte máis alta da parcela destinada a instalación do campo de fútbol de Xesta. O resto da parcela está cuberta por abondoso rexenerado de pino, con algunhas zonas con pés malformados, resto dunha corta realizada o último ano.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

NOME DO MONTE: Lúa ou Val de Laborea.

CABIDA: 3,262 Has. Aproximadamente.

LINDES: O camiño de Picouzo de Arriba divide en dúas esta parcela deixando ó leste unha parte de forma triangular coñecida como "Lúa" con lindes oeste e norte con citado camiño, leste con camiño veciñal de Puxallos e sur muro por medio, con finca privada.

A parte oeste ten os seguintes lindes:

Norte: Muro de terra (torreón) por medio, con fincas particulares.

Leste: Camiño de Picouzo de Arriba.

Sur: Fincas particulares de veciños de "A Xesta" en alineación recta desde el ata muro de pedra.

Oeste: Muro de pedra por medio, fincas particulares.

SERVIDUMES: A finca aparece dividida polo camiño de Picouzo de Arriba que a atravesada de norte a sur.

COLINDANTES:

Parte este "Lúa".

Norte: Basilisa Canda Novo, David Fariñas González, José Luís Puga Iglesias e outros.

Leste: Camiño veciñal de Puxallos.

Sur: Benita Amorín Pascual, José González López, José Rodríguez González.

Oeste: Camiño de Picouzo de Arriba.

Parte oeste "Val de Laborca"

Norte: María González.

Leste: Camiño de Picouzo de Arriba.

Sur: José González Crespo e José Crespo Enriquez.

Oeste: Nicolás Roza Silva.

DESCRIPCIÓN: Ambas parcelas están en monte alto cubertas de matorral de breixo e xesta con abondoso rexenerado de pino e carballo.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

➤ NOME DO MONTE: Monte dos Croios.

CABIDA: 5,9 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Partindo dende o camiño de Picouzo ata pista forestal, linda muro por medio con fincas particulares.

LESTE: Fincas particulares desde o punto último anterior ata pista forestal e masa de carballo.

SUR: Muro por medio con fincas particulares.

OESTE: Fincas particulares.

SERVIDUMES: A parcela está atravesada polo camiño de Picouzo e por varios ramais do mesmo.

COLINDANTES:

Norte: Antonio Blanco, José Ferreiro e outros.

Leste: Remigio Reboredo Varela, Hros. de Manuel Rodríguez Reboredo e outros.

Sur: Manuel H. Baleiro, Amadeo Fernández Hernández e outros.

Oeste: José Fernández Ferreiro, Manuel Reboredo González e outros.

DESCRIPCIÓN: Rexenerado de piñeiro e matorral de breixo e afloramentos rochosos.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

* NOME DO MONTE: Picouzo

CABIDA: 5,70 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Regueiro de Valiño, camiño veciñal e particulares.

LESTE: Camiño veciñal e particulares.

SUR: Concello de Dozón.

OESTE: Regueiro de Valiño e fincas particulares.

SERVIDUMES: Está atravesada por pistas de acceso a muíño e fincas particulares e por camiño veciñal.

DESCRIPCIÓN: Rexenerado de pino e bidueiro, e formación de ribeira nas proximidades do río Seixas.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e segrégase da petición aproximadamente 23,75 ha. por pertencer á parroquia de Sanguñedo, concello de Dozón o non quedar demostrado o aproveitamento exclusivo polos veciños da parroquia de Xesta, concello de Lalín.

NC NOME DO MONTE: Silva

CABIDA: 5,98 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Separada por surco e caballón (torreón), finca particular ata río Seixas.

LESTE: Río Seixas.

SUR: Monte "das Seixas", fincas particulares muro por medio.



OESTE: Regueiro ascendendo ata o linde norte.

SERVIDUMES: Parcialmente percorrido por camiños de acceso a fincas colindantes.

COLINDANTES:

Norte: José González López, Ramona García.

Leste: Río Seixas.

Sur: Fernando Varela, Eladio Presas Valín e outros.

Oeste: José González López e concello de Dozón.

DESCRIPCIÓN: Matorral de breixo e toxo, con escasa presenza de rexenerado de bidueiro e piñeiro. Vexetación de ribeira nas proximidades do río Seixas.

Próponse a NON clasificación por pertencer á parroquia de Sanguñedo, concello de Dozón e non quedar demostrado o aproveitamento exclusivo polos veciños da parroquia de Xesta do concello de Lalín.

NOME DO MONTE: Carpaccira

CABIDA: 4,62 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Seguindo liña de nivel, fincas particulares.

LESTE: Fincas particulares, muro por medio ata estrada de Seixas a PO-202.

SUR: Estrada de Seixas a PO-202.

OESTE: Fincas particulares, muro e surco-caballón por medio.

SERVIDUMES: Está atravesada por camiño que partindo da estrada que une Seixas coa estrada PO-202 chega a Seixas. Depósito de augas de suministro a Seixas.

COLINDANTES:

Norte: Ramona Cibeira González, Eladio Presas Valín e outros.

Leste: Concello de Dozón, Fernando Varela e outros.

Sur: Concello de Dozón.

Oeste: Ramona Cibeira González, Hros. De José Lalín e outros.

DESCRIPCIÓN: Matorral toxeira-breixo, gando.

Próponse a NON clasificación por pertencer á parroquia de Sanguñedo, concello de Dozón e non quedar demostrado o aproveitamento exclusivo polos veciños da parroquia de Xesta do concello de Lalín.

NOME DO MONTE: Abaixo dos Campos

CABIDA: 1,86 Has. Aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Fincas particulares, muro por medio.

LESTE: Fincas particulares.

SUR: Fincas particulares, muro por medio.

OESTE: Camiño veciñal de Navallo.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

SERVIDUMES: Atravesada por camiños de servidume de Navallo. Parcialmente cultivada con cereal, autorizado polo Común.

COLINDANTES:

Norte: José González López.

Leste: Manuel Lalín Paz.

Sur: José Iglesias Fernández, José González López.

Oeste: David Jácome Villar, Adelaida Gutierrez Lalín e outros.

DESCRIPCIÓN: Matorral de toxo, escasos carballos e cultivo de centeo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como o artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, según abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento veciñal de feito de dito monte por parte dos veciños.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

1.- **Clasificar como veciñais en man común** a favor dos veciños da parroquia de Xesta do concello de Lalín os montes Costa da Fervenza, Penouzas, Lavajeira, Lúa ou Val de Laborea, Monte dos Croios, Picouzo e Abaixo dos Campos, por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción, cabida e lindes sinalados no antecedente de feito quinto.

2.- **Non clasificar como veciñais en man común** os montes A Silva e Carpadeira por pertencer á parroquia de Sanguñedo do concello de Dozón e non quedar demostrado o aproveitamento exclusivo polos veciños da parroquia de Xesta do concello de Lalín.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS


Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335 - 986 805 436

36071 PONTEVEDRA

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





- 1. COSTA DA FERVENZA
SIT. APROX. = 10,51 Ha.
- 2. PENOUZAS
SIT. APROX. = 21,94 Ha.
- 3. LAVADERA
SIT. APROX. = 1,97 Ha.
- 4. LIA OU VAL DE LABOREA
SIT. APROX. = 21,81 Ha.
- 5. MONTE DOS CROIOS
SIT. APROX. = 5,20 Ha.
- 6. PICOZUZO
SIT. APROX. = 5,39 Ha.
- 7. ABAINO DOS CAMPOS
SIT. APROX. = 1,86 Ha.

PLANO Nº 2
PLANTA XERAL
 ESCALA 1 : 10.000
 PONTEVEDRA, 12 DE DECEMBRO DO 2001



OS XARTEIROS DO XIRADO:

CLASIFICACION DOS MONTES NOMIADOS "COSTA DA FERVENZA", "PENOUZAS", "LAVADERA", "LIA OU VAL DE LABOREA", "MONTE DOS CROIOS", "PICOZUZO" E "ABAINO DOS CAMPOS", COMO MONTES VECINAIS EN MAN COMEN DOS VECINOS DA PARROQUIA DE XESTA, CONTEILLO DE LAIN (PONTEVEDRA)